



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**  
Fax: **981- 51 30 00**  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: **P-1501200-H**

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO**

**Lugar:** Casa do Concello

**Data:** 11 de xullo de 2012

**Hora de comezo:** 20.30 h

**Hora de remate:** 21.30 h

### **ASISTENTES:**

Don Jesús Sanjuás Mera  
Don Manuel Mouriño Varela  
Don Antonio González Barral  
Dona María Dolores García Couto  
Dona Sonia Rodríguez Midón  
Don Jesús José Santasmarinas Devesa  
Dona Raquel García Fraga  
Dona Adela Redondo Rendo  
Don Xabier Canabal Fernández  
Don David Paulino Calvelo Otero

### **AUSENTES:**

Don Adolfo Gacio Vázquez

No salón de sesións da Casa do Concello presidindo o alcalde en funcións don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

### **ORDE DO DÍA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Declaración de nulidade do acordo relativo ó anticipo do aboamento do canon a percibir polo Concello de Boqueixón**
- 3. Cesión da parcela 39 – A4 (Autenin) e centro de saúde do Forte á Consellería de Sanidade**
- 4. Redución das retribucións da alcaldía**

5. **Resolución das alegacións presentadas e incorporación dos informes sectoriais emitidos na fase de exposición pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal**
6. **Información da alcaldía.**
7. **Rogos e Preguntas.**

## **DELIBERACIÓNS**

### **1. Aprobación da acta anterior**

Neste punto o señor Canabal di que non ten ningunha apreciación que facer á acta anterior.

Simplemente felicitar o traballo que se fixo dende a secretaría para incluír todo na acta, que pola súa extensión non debeu ser nada doado redactar.

Cos votos a favor de todos os concelleiros presentes apróbase a acta da sesión que tivo lugar o día 9 de maio de 2012.

### **2. Declaración de nulidade do acordo relativo ó anticipo do aboamento do canon a percibir polo Concello de Boqueixón**

Dáse conta da proposta da alcaldía para proceder coa anulación do acordo plenario adoptado no pleno que tivo lugar o 14 de marzo de 2012 relativo ao aboamento do canon nas anualidades 2012 – 2020.

A vista de todo o cal o pleno da corporación cos votos a favor de todos os presentes, tendo en conta os seguintes:

#### Antecedentes:

1.- Acordou aceptar o estudo económico presentado pola adxudicataria do servizo de abastecemento de auga Espina&Delfín, para adiantar o aboamento do canon que corresponde ao concello durante a vixencia do contrato, ás anualidades 2012-2020 e en consecuencia ingresar ao concello os seguintes importes nas seguintes anualidades:

2012	91.180,00 €
2013	93.459,50 €
2014	95.795,99 €
2015	98.190,89 €
2016	100.645,66 €
2017	103.161,80 €
2018	105.740,85 €
2019	108.384,37 €
2020	111.093,98 €

2.- Das contías anteriormente citadas a empresa deducirá o importe correspondente á facturación polo consumo de enerxía eléctrica pola ETAP de Orto e o bombeo do río Ulla. A partires do ano 2020, a facturación polo consumo de enerxía pola ETAP de Orto e o bombeo do río Ulla será a cargo do concello.

Este acordo foi adoptado con informe desfavorable de Secretaría Intervención de data 7 de marzo de 2012 e posteriormente solicitouse informe á deputación provincial da Coruña.

Con data 24 de abril 2012, rexistro entrada 12/1129, recíbese no concello dito informe do servizo de asistencia económica a municipios da Deputación provincial da Coruña. Do referido informe dedúcese claramente que o acordo adoptado é nulo de pleno dereito ou, cando menos, anulable. Este informe sinala:

- 1- Que coa acumulación do canon a favor do concello, co fin de realizar algúns investimentos para obras de ampliación pendentes, estaríamos ante un suposto de nulidade de pleno dereito.
- 2- Que o adianto do canon a satisfacer ao concello pode considerarse tamén un suposto de nulidade de pleno dereito, e por suposto de non consideralo tal, si é indiscutible que se trata dun acto anulable.
- 3- Que deducir do canon o importe da facturación polo consumo da enerxía eléctrica da ETAP de Orto e o bombeo do río Ulla e que desde o ano 2020, dito consumo será con cargo ó concello, estaríamos ante un caso de nulidade de pleno dereito e cando menos, de anulabilidade.

### Consideracións xurídicas

O artigo 102 da Lei 4/1999 de 6 de xaneiro de modificación da Lei 30 /1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establece que as administracións públicas en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude de interesado, e previo ditame favorable do consello consultivo, declarará de oficio a nulidade dos actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ou que non fosen recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 62,1.

Tendo en conta que a acumulación do canon nos anos 2012-2020 tiña coma finalidade poder realizar investimentos para obras de ampliación pendentes no servizo, estaríamos ante un suposto de adxudicación directa implícita de tales investimentos non previstos no obxecto do contrato inicialmente asinado dando lugar a unha modificación do mesmo sen tramitar o correspondente procedemento ademais de non concretar nin cuantificar as novas prestacións a contratar. Polo que se estaría incorrendo no suposto de nulidade de pleno dereito do artigo 62.1 da lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ao tratarse dun acto administrativo que produce efectos favorables ao administrado( adxudicatario) procede a aplicación do artigo 102 da lei 30/92 de declaración de oficio da nulidade previo ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia.

Por outro lado, a aplicación do “adianto do canon” supón un incumprimento da cláusula 28 do prego de condicións aplicado no seu momento na adxudicación do contrato posto que na mesma non se concreta o importe do canon,tan so indica que o canon da concesión a percibir polo concello estará en función da diferenza existente entre as tarifas vixentes en cada momento é a correspondente retribución do concesionario en dito momento. Por outro lado, se derivaría un importante prexuízo económico ao Concello causado pola diminución do importe total en concepto de canon a percibir polo concello cifrado en 1.314.812 ,11 € resultantes da diferenza entre a suma das anualidades do canon durante a vixencia total do contrato ( 2.222.465,15 €) e a suma das anualidades do canon no período 2012-2020(907.653,04 €).

En canto ao segundo apartado do acordo plenario do 14 de marzo de 2012 polo que dos importes do canon aos que fai referencia o punto primeiro do acordo, a empresa

deducirá a cantidade correspondente á facturación polo consumo de enerxía eléctrica da ETAP de Orto e o bombeo do río Ulla e dende o ano 2020 dito consumo será a cargo do Concello de Boqueixón, estamos ante un caso de nulidade de pleno dereito ( art 62.1f da lei 30/92) por tratarse dun acto contrario ao ordenamento xurídico polo que se adquiren dereitos carecendo dos requisitos esenciais para a súa adquisición. Dedúcese, polo tanto, que se pode considerar que todo o acordado na sesión plenaria que tivo lugar o día 14 de marzo do 2012, no seu punto núm. 4 da orde do día (aboamento do canon de abastecemento nas anualidades 2012 - 2020) é NULO.

ACORDA:

- 1- Incoar o expediente de revisión de oficio do acordo adoptado no pleno que tivo lugar o 14 de marzo de 2012 relativo ao anticipo do aboamento do canon, que corresponde ao concello durante a vixencia do contrato asinado coa empresa adxudicataria do servizo, ás anualidades 2012 – 2020.
- 2- Solicitar ditame ao órgano consultivo da Xunta de Galicia.
- 3.- Comunicar este acordo á empresa concesionaria Espina Delfín e darlle un prazo de dez días para a presentación das alegacións que estime pertinentes.

### **3. Cesión da parcela 39 – A4 (Autenin) e centro de saúde do Forte á Consellería de Sanidade**

Na sesión plenaria que tivo lugar o 10 de novembro de 2010 acordouse ceder ao Servizo Galego da Saúde a parcela núm. 39 A4, denominada Autenin, da concentración parcelaria de San Vicente de Boqueixón, na que se empraza o centro de saúde de O Forte. En dito acordo facíase constar que a parcela ten unha superficie bruta de 1303,09 m<sup>2</sup> e unha superficie neta de 1027,08 m<sup>2</sup> logo da cesión para viais de 276,01 m<sup>2</sup>.

Con data 21 de marzo de 2012, rexistro de entrada 12/826 recíbese un escrito da Consellería de Sanidade no cal se indica que tanto o certificado plenario como na nota simple informativa do rexistro da propiedade, como no certificado do catastro deben constar claramente os metros que se ceden ao Servizo Galego de Saúde.

Sen embargo na nota simple informativa do rexistro da propiedade establecía que quedaban pendentes de segregarse 276, 01 m<sup>2</sup> polo que se debería proceder coa segregación e logo coa cesión.

Na xunta de goberno que tivo lugar o 26 de novembro de 2012 acordouse aceptar as parcelas resultantes da segregación da finca nº 39 do plano xeral de concentración parcelaria de San Vicente de Boqueixón, cuxa segregación efectuouse en xunta de goberno celebrada o 7 de xullo de 2010 e posterior modificación en xunta de goberno de 1 de decembro 2010 para corrección de erros detectados nos lindes das parcelas resultantes.

Con data 24 de maio 2012 o rexistro da propiedade emite novo certificado e o 6 de xuño 2012 a Dirección Xeral de Catastro emite, así mesmo, nova certificación catastral, nos cales consta a superficie da parcela 39 –A4 destinada a equipamento sanitario.

Cos votos a favor de todos os presentes acórdase:

1. Aprobar o seguinte convenio entre a consellería de sanidade-servizo galego de saúde- e o concello de Boqueixón sobre a asunción dos custos de mantemento do centro de saúde de o Forte:

Santiago de Compostela, de de 2012

## REUNIDOS

Dunha parte, dona Rocío Mosquera Alvarez, Conselleira de Sanidade e Presidenta do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e cos Decretos 310/2009 e 311/2009, do 28 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde; de conformidade co establecido na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega, así como na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e tendo en conta o acordo da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, feito público mediante resolución do 8 de abril de 1991 da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 82 do 30 de abril de 1991).

E doutra, don Adolfo Gacio Vázquez, actuando en nome e representación do Concello de Boqueixón, en virtude da súa condición de Alcalde – Presidente da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 61.1 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente protocolo, e para iso,

## EXPOÑEN

- I. Que, con data 20 de xaneiro de 2006, foi formalizado o Acordo entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) polo que se establece o contido e desenvolvemento do pacto local que rexerá na Comunidade Autónoma de Galicia.
- II. Que en dito acordo se recollen unha serie de actuacións entre as que se atopa a asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde, actualmente a cargo dos concellos.
- III. Que na comisión mixta paritaria entre a Consellería de Sanidade e a FEGAMP celebrada o día 24 de setembro de 2008, aprobouse o Protocolo entre a Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde- e a Federación Galega de Municipios e Provincias sobre a asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde e distribuíronse os centros de saúde de titularidade municipal en 4 grupos de acordo coa dispoñibilidade de cesión de dita titularidade, asinado con data 29 de decembro de 2008.
- IV. Que o proceso de asunción será, en calquera caso, voluntario para o concello e formalizase a través deste convenio.

Á vista do anterior as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

Primeira.- Constitúe o obxecto deste convenio establecer as bases de cooperación entre o Concello de Boqueixón e o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) para a cesión da propiedade do centro de saúde de O Forte en Boqueixón, do que é titular dito Concello, ao Servizo Galego de Saúde e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos do mantemento do mesmo.

Segunda.- O Concello de Boqueixón comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión patrimonial do devandito centro de saúde, ao Servizo Galego de Saúde, libre de cargas e gravames. No suposto de que os inmobile obxecto de cesión deixara de prestar servizo como Centro de Saúde o Concello poderá exercer o dereito de reversión sobre o devandito inmobile.

Terceira.- De acordo co anterior co fin de tramitar a cesión da propiedade do centro de saúde, o Concello remitirá ao Servizo Galego de Saúde a seguinte documentación:

- Certificación do Acordo ao Pleno da corporación municipal cedendo o Servizo Galego de Saúde o centro citado.
- Certificación do cumprimento do establecido nos artigos 109 e 110 do regulamento de bens das Entidades Locais.
- Certificación do rexistro da propiedade de titularidade e situación de cargas e gravámenes.
- Referencia catastral.

Posteriormente, e previa autorización do Consello da Xunta, a cesión será elevada a escritura pública e inscrita no rexistro da propiedade. A devandita escritura contemplará o dereito de reversión a favor do concello no suposto de que o inmobile deixara de prestar servizo como Centro de Saúde.

Cuarta.- O Concello de Boqueixón comprométese a regular nas ordenanzas fiscais a exención a favor dos centros sanitarios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do imposto sobre bens inmobiles, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado.

Quinta.- O Servizo Galego de Saúde comprométese á asunción dos gastos do mantemento do centro de saúde citado a partir do momento en que se proceda a formalización da cesión patrimonial do mesmo de acordo co previsto no presente convenio. Non obstante o anterior a asunción destes custos non se producirá, en ningún caso, antes do 1 de xaneiro de 2009.

Por parte do Concello se facilitará á Xerencia de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde os datos precisos para facilitar o proceso de cambio de titularidade dos contratos de subministracións vixentes así como os correspondentes aos servizos para o centro de saúde. Para tal fin achégase como anexo a este convenio relación de documentación que será solicitada pola Xerencia de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde con carácter previo a asunción destes custos.

As obrigas económicas pendentes anteriores á data en que o Servizo Galego de Saúde se faga cargo dos gastos de mantemento do centro corresponderán, en todo caso, ao concello.

Sexta.- A partir do momento en que o Servizo Galego de Saúde se faga cargo dos gastos de mantemento do centro de saúde citado, quedará sen efecto calquera outro convenio, concerto ou acordo que puidese estar vixente entre este organismo e o concello relativo ao mantemento destes gastos.

Así mesmo, no caso de que este concello reciba algún tipo de axudas ou subvencións do Servizo Galego de Saúde relativa aos gastos de mantemento do centro de saúde ou Punto de Atención Continuada (PAC), no seu caso, unicamente poderán xustificarse gastos ata a data de asunción dos mesmos polo Servizo Galego de Saúde.

Sétima.- Non obstante ao anterior, polo Concello e o Servizo Galego de Saúde poderá acordarse, dentro da comisión de seguimento deste convenio previsto na cláusula seguinte, a realización de actividades de colaboración para o funcionamento ordinario do centro de saúde tales como a apertura do centro, a posta en marcha das instalacións, etc.

Oitava.- Sen prexuízo das competencias da Comisión Mixta paritaria creada en base ao Acordo do Pacto Local, poderase constituír unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio e que poda propoñer a resolución das controversias xurdidas como consecuencia da súa execución. A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes, nomeados polos seus máximos responsables. A comisión reunirse por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

Novena.- O presente convenio entrará en vigor tras a súa sinatura e estará vixente ata o exacto cumprimento dos seus termos.

Décima.- O incumprimento de calquera das obrigas establecidas neste documento poderá dar lugar á resolución do mesmo.

Undécima.- Este convenio ten carácter administrativo, quedando as partes que subscriben suxeitas á xurisdición contencioso - administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste.

Así queda redactado o presente convenio que, en proba de conformidade asinan os comparecentes, por triplicado exemplar no lugar e data indicados ao inicio.”

Polo Servizo Galego de Saúde

Polo Concello de Boqueixón

Rocío Mosquera Alvarez

Adolfo Gacio Vázquez.

2. Ceder ó Servizo Galego de Saúde a parcela núm. 39 –A4 denominada Autenin, da concentración parcelaria de San Vicente de Boqueixón, na que se empraza o centro de saúde de O Forte que, así mesmo, se cede ao Servizo Galego de Saúde.

Dita parcela ten unha superficie de mil vinte e sete metros e oito decímetros cadrados (1027,08 m<sup>2</sup>). Linda: Norte e Leste, camiño; Sur e Oeste, parcela 39-A3.

3. Expoñer este acordo ó público mediante publicación no BOP e no taboleiro de edictos do concello durante 15 días.

#### **4. Redución das retribucións da alcaldía**

O pleno da corporación na sesión que tivo lugar o 13 de xullo de 2011, acordou aprobar a seguinte retribución do alcalde deste concello:

Salario bruto: 3.309,04 €/mes (12 meses)

Extraordinaria: 2.966,74 €/mes (xuño e decembro)

MUFACE: 222,12 €/mes

No pleno do 9 de maio de 2012, previa presentación dunha moción polo representante do BNG, decidiuse solicitar un informe á Consellería de Educación sobre o salario que lle correspondería ao señor Adolfo Gacio Vázquez, si se reincorporase ás súas funcións coma docente.

Con data 1 de xuño 2012 recíbese no concello a certificación de haberes mensuais e de pagas extraordinarias e adicionais que lle corresponderían de estar en activo na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o ano 2012.

Sen máis, cos votos a favor de todos os presentes acórdase:

1. Modificar as retribucións aprobadas no pleno de 13 de xullo de 2011 e aprobar as seguintes retribucións a abonar ao alcalde do concello Adolfo Gacio Vázquez:

Salario bruto: 2.600,76 €/mes

Extraordinaria: 1.457,07 €/mes (xuño e decembro)

MUFACE: 224,31 €/mes

2. Comunicar este acordo a tesourería e ao departamento de nóminas para a súa aplicación dende o mes de xullo de 2012.

#### **5. Resolución das alegacións presentadas e incorporación dos informes sectoriais emitidos na fase de exposición pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal**

Antecedentes:

1º.- Aprobación inicial do PXOM

Con data do 14 de decembro de 2011, en sesión plenaria do Concello de Boqueixón, adoptouse o acordo que a continuación se transcribe literalmente:

1.- Aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Boqueixón, adaptado á Lei 2/2010 do 25 de marzo de modificación da lei do solo 9/2002.



2.- Someter o Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado inicialmente, ao trámite de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia, e en dous xornais de maior difusión na provincia.

3.- Manter a suspensión das licenzas, aprobadas na sesión plenaria que tivo lugar o día 19 de abril de 2010, e en base ao novo informe de suspensión de licenzas, de data 7 de decembro de 2011, emitido polo arquitecto do equipo redactor, Don Isidro López Yáñez.

4.- Dar audiencia aos concellos limítrofes de Santiago de Compostela, O Pino, Touro, Vila de Cruces, Vedra, a Estrada e Silleda.

5.- Solicitar os correspondentes informes sectoriais, as administracións públicas que a continuación se relacionan:

- ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO
  - Ministerio de Fomento
    - .- *Dirección Xeral de Estradas*
    - .- *Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF)*
    - .- *Dirección Xeral de Aviación Civil*
  - Ministerio de Industria, Turismo e Comercio
    - .- *Xefatura Provincial de Telecomunicacións*
- ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
  - Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas
    - .- *Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental*
    - .- *Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe*
    - .- *Dirección Xeral de Mobilidade*
    - .- *Augas de Galicia*
    - .- *Dirección Xeral de Estradas*
  - Consellería de Cultura e Turismo
    - .- *Dirección Xeral de Patrimonio Cultural*
  - Consellería de Medio Rural
    - .- *Dirección Xeral de Montes*
    - .- *Dirección Xeral de Conservación da Natureza*
    - .- *Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural*
  - Consellería de Economía e Industria
    - .- *Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas*
- ADMINISTRACIÓN LOCAL
  - Deputación Provincial da Coruña
    - .- *Servizo de Vías e Obras*

6.- Dar trámite de consulta ás seguintes entidades xurídicas:

- .- Grupo de Desenrolo Rural “Terras de Compostela”
- .- “Asociación Galicia non se vende”
- .- “Asociación Ecoloxista Verdegaia”
- .- “Asociación Ecoloxista amigos da Terra”
- .- “Cámara de Comercio da Coruña”
- .- “Cámara Oficial Mineira de Galicia”
- .- “Fundación Galicia Sustentable”

- “Asociación Forestal de Galicia”

## 2º.- Exposición pública do PXOM aprobado inicialmente

1.- Con data do 9 de xaneiro de 2012, publícase no periódico “*El Correo Gallego*”, o anuncio para a exposición pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Boqueixón

2.- Con data do 9 de xaneiro de 2012, publícase no periódico “*La Voz de Galicia*”, o anuncio para a exposición pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Boqueixón

3.- Con data do 9 de xaneiro de 2012, publícase no “*Diario Oficial de Galicia*”, o anuncio para a exposición pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Boqueixón

4.- Con data do 10 de xaneiro de 2012, comeza a exposición pública do PXOM de Boqueixón, e finaliza con data do 10 de marzo de 2012, totalizándose un total de 273 alegacións presentadas.

## 3º.- Trámite de audiencia aos concellos limítrofes

Con data do 28 de decembro de 2011, remítese unha copia do documento de PXOM en formato dixital, para o trámite de audiencia e consulta, durante os 2 meses de exposición pública, aos seguintes concellos:

<b>Concello</b>	<b>Rexistro de Saída</b>	<b>Recepción da documentación no Concello</b>	<b>Informe emitido</b>
Santiago de Compostela	11/1307	09/01/2012	Non
O Pino	11/1308	05/01/2012	Non
Touro	11/1309	05/01/2012	Non
Vila de Cruces	11/1310	05/01/2012	Si - (05/03/2012)
Vedra	11/1311	05/01/2012	Si - (08/03/2012)
A Estrada	11/1312	05/01/2012	Non
Silleda	11/1313	05/01/2012	Non

## 4º.- Solicitud de informes sectoriais e trámite de consultas

Con data do 28 de decembro de 2011, remítese unha copia do documento de PXOM en formato dixital (á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, remítese unha copia completa e formato dixital e outra en formato papel), para a solicitude de informes sectoriais (a emitir no prazo de un mes), e trámite de consultas (durante os 2 meses de exposición pública), aos seguintes Organismos afectados:

<b>Organismo</b>	<b>Rexistro de Saída</b>	<b>Recepción da documentación no Organismo</b>	<b>Informe emitido</b>
Consellería de Cultura e Turismo – Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	11/1292	02/01/2012	Non
Consellería de Medio Rural Sub. Xeral Incendios Forest	11/1293	02/01/2012	Si (08/02/2012)
Consellería de Medio Ambiente-Augas de Galicia	11/1294	02/01/2012	Si (06/03/2012)
Consellería de Medio Rural Conservación da Natureza	11/1295	03/01/2012	Non
Consellería de Medio Ambiente. ESTRADAS	11/1296	02/01/2012	Non
Consellería de Medio Rural Dir. Xeral de Montes	11/1297	02/01/2012	Si (30/01/2012)
Deputación Provincial Servizo de Vías e Obras	11/1298	03/01/2012	Si (12/03/2012)
Consellería de Medio Rural Producción Agropecuaria	11/1299	02/01/2012	Non
Ministerio de Fomento Dirección Xeral de Estradas	11/1300	03/01/2012	Si (03/04/2012)
Ministerio de Industria Enerxía e Turismo. Telecomunicacións	11/1301	11/01/2012	Si (20/02/2012)
Ministerio de Fomento Aviación Civil (AENA)	11/1302	03/01/2012	Si (20/02/2012)
Ministerio de Fomento(ADIF)	11/1303	03/01/2012	Non
Ministerio de Fomento Dir. Xeral de Ferrocarriles	11/1304	03/01/2012	Si (27/01/2012)
Patrimonio e Urbanismo ADIF – Xefatura Provincial	12/0105	30/01/2012	Si (06/02/2012)

### 5º.- Trámite de consultas

Con data do 28 de decembro de 2011, remítese unha copia do documento de PXOM en formato dixital, para o trámite de consultas (durante os 2 meses de exposición pública), aos seguintes Organismos e persoas xurídicas, que cumpren os requisitos establecidos no artigo 10.2 b) da Lei 9/2006, e que se poidan considerar afectados:

<b>Organismos e Asociacións</b>	<b>Rexistro de Saída</b>	<b>Recepción da documentación polos afectados</b>	<b>Informe emitido</b>
Asociación Ecoloxista Amigos da Terra	12/04	05/01/2012	Non
Cámara de Comercio da Coruña	12/05	05/01/2012	Non
Consellería de Economía e Industria. Secr. Xeral	12/06	05/01/2012	Non
Consellería Educación e Ordenación Universitaria Secretaría Xeral	12/07	05/01/2012	Non
Consellería de Facenda Secr. Xeral Patrimonio	12/08	05/01/2012	Non
Consellería de Traballo Secr. Xeral	12/09	05/01/2012	Non
Deputación Provincial da Coruña	12/10	09/01/2012	Non
Consellería de Economía e Industria. Xefatura Territorial	12/11	09/01/2012	Si (28/02/2012)
Consellería de Medio Ambiente. Subd. Xeral Avaliación Ambiental	12/12	05/01/12	Si (07/03/2012)
Consellería de Medio Ambiente. Direc. Xeral Sostibilidade e Paisaxe	12/13	05/01/12	Non
G.D.R. Asociación Terras de Compostela	12/14	05/01/2012	Non
Ministerio de Defensa	12/15	09/01/2012	Non

Consellería Presidencia D. X. Administración L.	12/16	16/01/2012	Non
Secretaría Xeral da Presidencia	12/17	05/01/2012	Non
Cámara Oficial Mineira de Galicia	12/18	05/01/2012	Non
Consellería Educación D. X. de Centros e R. H.	12/19	05/01/2012	Non
Consellería de Sanidade Secretaría Xeral	12/20	05/01/2012	Non
Consellería Medio Rural Desenvolvemento Rural	12/21	09/01/2012	Si (23/01/2012)
Fundación Galicia Sustentable	12/22	05/01/2012	Non
Consellería de Medio Ambiente Augas de Galicia	12/23	05/01/2012	Non
Consellería de Medio Ambiente D. X. de Mobilidade	12/24	05/01/2012	Non
Consellería de Medio Ambiente- Subd. Xeral de Avaliación Ambiental	12/25	05/01/2012	Non
Consellería Presidencia Secretaría Xeral	12/26	05/01/2012	Non
Asociación Ecoloxista Verdegaia	12/27	05/01/2012	Non
Presidencia. Secretaría Xeral para o Deporte	12/28	05/01/2012	Non
Asociación Forestal de Galicia	12/29	05/01/2012	Non
Consellería de Medio Rural. Secr. Xeral	12/30	05/01/2012	Non
Ministerio de Economía e Facenda. CATASTRO	12/31	09/01/2012	Non
Delegación do Goberno en	12/32	05/01/2012	Non

Galicia			
Unión Fenosa Distribuc.	12/50	12/01/2012	Si (09/03/2012)
Asociación Galicia non se vende (*)	Non (*)	Non (*)	Non (*)

(\*) .- Non se emitiu a solicitude de trámite de consulta, por non dispor de ningunha dirección postal a que poder dirixirse, nin se contestou ao correo electrónico que o departamento de urbanismo lle enviou á dirección [info@galizanonsevende.org](mailto:info@galizanonsevende.org).

#### 6º.- Informe de alegacións

Aprobación inicial: 14 de decembro de 2011.

Publicación DOG: Nº 5 de 9 de xaneiro de 2011.

Período exposición: do 9 de xaneiro ó 9 de marzo de 2012.

Total alegacións presentadas: 273

Destas alegacións foron informadas favorablemente un total de 123, parcialmente favorables 24 e desfavorablemente 126.

#### Tipificación de alegacións

##### Alegacións presentadas por colectivos, agrupacións ou organismos oficiais:

##### **Nº rex. 15/179. Consellería de Facenda. Solicita:**

1. Que a totalidade da parcela, propiedade da Xunta no lugar de Quián, sexa delimitada como un sistema xeral dotacional educativo (DCX-03) e que pode ter delimitado un núcleo rural no seu interior.
2. A parcela da antiga Cámara Agraria no lugar do Forte aparece cualificada como dotacional de sistema xeral socio-cultural. Mentres o inmovible sexa de titularidade autonómica non sexa clasificado como sistema xeral de carácter socio cultural (SCX-1), dado que está vinculado a fins agrarios e que non requiren a súa clasificación como sistema xeral.
3. Ó respecto do C.P.I. Antonio Orza Couto, que o plan faga a delimitación do inmovible tal e como aparece recollida no plano da cartografía catastral.

##### **Nº rex. 12/575. Excmo. Concello de Vila de Cruces. Solicita:**

1. Solicita modificar o límite municipal no ámbito das Illas de Gres.

##### **Nº rex. 12/575. Excmo. Concello de Vedra. Solicita:**

1. Modificar a delimitación do límite municipal que linda co concello de Vedra, na altura de Ramil.

##### **Nº rex. 12/683, 12/684, 12/685, 12/686 e 12/687. BNG. Solicita:**

1. A retirada do SAL-08 da zona establecida.

2. A clasificación deste chan como zona verde.
3. Estudar unha ubicación idónea dentro da malla urbana para o establecemento dun tanatorio municipal, (Preferentemente en solo de uso industrial).
4. Solicita a perfecta delimitación e definición do solo urbano de Lestedo.
5. A especial protección do Pico Sacro como solo rústico de protección de espazos naturais e a do río Pontillón por ser a principal fonte do abastecemento municipal.
6. Unha delimitación coherente dos núcleos rurais.
7. A xustificación pormenorizada na memoria dos novos núcleos rurais.
8. A ampliación, diferenciación e priorización dos solos de núcleos rurais existentes do centro o sur do termo municipal.
9. A aprobación de todas as alegacións relacionadas cos erros na planimetría do PXOM.
10. A comprobación de oficio de todas aquelas desafeccións de camiños públicos e segregacións de parcelas.
11. A comprobación dos planos do PXOM coa planimetría das concentracións parcelarias.

**Nº rex. 12/729. Asociación de Veciños de Lestedo. Solicita:**

1. Modificar cartografía e aliñacións.

**Nº rex. 12/735. Unión Fenosa. Solicita:**

1. Modificar o artigo 5.7.18 das normas de ordenación
2. Prever no estudo económico financeiro do PXOM a contía do soterramento de liñas.

Estas alegacións teñen resolucións diversas e están convenientemente motivadas nos escritos que acompañan ó presente informe.

**Alegacións que solicitaban incluír parcelas dentro da delimitación do núcleo rural: 179**

Destas alegacións foron informadas favorablemente 78, favorables de maneira parcial 16 e desfavorablemente 85.

**Alegacións que solicitaban incluír parcelas dentro da delimitación do solo urbano: 17**

Destas alegacións foi informada favorablemente 3, favorables de maneira parcial 1 e desfavorablemente 13.

**Alegacións que solicitaban excluír parcelas da delimitación de núcleo rural: 12**

Destas alegacións foi informada favorablemente 7, favorables de maneira parcial 1 e desfavorablemente 4.

**Alegacións que solicitaban o cambio de cualificación dentro dos tipos de solo rústico: 8**

Destas alegacións foron informadas favorablemente 7 e favorables de maneira parcial 1.

**Alegacións que solicitaban o cambio de cualificación dentro dos tipos de núcleo: 1**

Destas alegacións foron informadas favorablemente 1.

**Alegacións que solicitaban modificacións na ordenación de solo urbano: 12.**

Estas alegacións foron informadas favorablemente 1 e desfavorablemente 11.

Alegacións que solicitaban modificacións na cartografía: 12.

Destas alegacións foron informadas favorablemente 9 e favorables de maneira parcial 3.

Alegacións varias: 32.

Nestas alegacións solicitábase, entre outras, recoller máis usos que o industrial, dentro do UND-01, incluír a ordenación pormenorizada do solo urbanizable SUD-I2, que sexan mellorados os parámetros do ámbito SUD-R2 ou a modificacións de aliñacións, tanto no solo urbano como no de núcleo rural. A resolución destas alegacións, con diferentes resolucións baseouse no cumprimento estrito da lexislación vixente.

A continuación engádense os informes que sustentan as resolucións antes indicadas:

Data entrada concello	Apellidos	Nombre	Dirección	Población	Informe
23/01/2012	COUTO REGOS	JOSÉ MANUEL	Pousada	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
23/01/2012	COUTO REGOS	JOSÉ MANUEL	Pousada	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
24/01/2012	DIZ ARÉN	GERMÁN	Vilar Nº43, Lestedo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
30/01/2012	SANCHEZ CASAL	JAVIER	Casaldesuso Nº13 Codeso	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
01/02/2012	MAREQUE FERREIRO	JORGE	Santa Eulalia De Vigo Nº5 Castenda	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
08/02/2012	COUTO RENDO	MARÍA	Camporrapado Nº 38	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
23/02/2012	DE LA FUENTE PARADA	Mª VICTORIA	Cusanca Lestedo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
25/02/2012	FERNÁNDEZ CANABAL	OFELIA Mª	Ramil Nº15 Lestedo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
01/03/2012	PÉREZ SOUTULLO	MANUEL	Castro Oural	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
01/03/2012	REDONDO PÉREZ	MANUEL	Camporrapado	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
03/02/2012	MIGUEZ MIDÓN	MODESTO	Outeiro Loureda	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
04/02/2012	LIÑARES VARELA	DAVID	Avd. Rosalia De Castro 34B 1ºb	Santiago de Comp.	DESFAVORABLEMENTE
15/02/2012	DEVESA PAZOS	MARÍA CARMEN	Tribaldes Nº37 Bamonde Santa María	Teo	DESFAVORABLEMENTE
15/02/2012	DEVESA PAZOS	MARÍA CARMEN	Tribaldes Nº37 Bamonde Santa María	Teo	DESFAVORABLEMENTE
16/02/2012	MARTÍNEZ	JESÚS	C/Barcelona Nº13 3B	Barcelona	DESFAVORABLEMENTE



	OTERO		S.Sandurni da Noia		
17/02/2012	CASTRO DEVESA	JUAN MANUEL	A Igrexa Sergude (Restaurante Castro)	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
22/02/2012	IGLESIAS LÓPEZ	FERNANDO	Carballo De Ardrei Nº4 Marrozos	Santiago de Comp.	DESFAVORABLEMENTE
22/02/2012	ESTEVEZ GOMEZ	ESTEBAN	Ardaris Lestedo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
24/02/2012	MAREQUE RENDO	MANUEL	Forte Nº12	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
27/02/2012	MÉNDEZ MILLÁN	LUIS	Piñeiro De Abaixo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
27/02/2012	MÍGUEZ BUGALLO	JOSÉ MARÍA	Camporrapado Nº7 Pousada	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
27/02/2012	SILVA SILVA	JESÚS	Pousada Nº4 Loureiro	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
27/02/2012	SUÁREZ GONZÁLEZ	DELFIN GIL	C/Campo Do Amo Nº4 Bj	Santiago de Comp.	DESFAVORABLEMENTE
27/02/2012	BROCOS NANDE	DOLORES	C/Pazos Nº12 2ª Lestedo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
27/02/2012	DEVESA NODAR	OTILIA	Rúa Picaños 45-47 1ºb	Santiago de Comp.	DESFAVORABLEMENTE
27/02/2012	MARTINEZ FERREIRO	JOSÉ	Orto	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
27/02/2012	SÁNCHEZ IGLESIAS	SOFÍA	Camporrapado Nº5	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
27/02/2012	SÁNCHEZ IGLESIAS	SOFÍA	Camporrapado Nº5	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
27/02/2012	MAREQUE NEIRO	ERMITAS	Pumares Sergude	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
28/02/2012	VIGO TORRES	ALMERINDA	Sergude Nº4	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
28/02/2012	SANTASMARINAS LORTES	MANUEL	Milleirós, Lestedo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
29/02/2012	PEREZ PAMIES	JUAN MANUEL	C/Principe Nº22 7º	Vigo	DESFAVORABLEMENTE
29/02/2012	CASTRO CASAL	CARMEN	A Tarroeira Nº29 Ortoño	Ames	DESFAVORABLEMENTE
29/02/2012	CASTRO CASAL	CARMEN	A Tarroeira Nº29 Ortoño	Ames	DESFAVORABLEMENTE
29/02/2012	VARELA CANEDA	MANUEL	Santaia Codeso	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
01/03/2012	RAVIÑA FURELOS	JUAN CARLOS	Ardilleiro Pequeno Nº4 A Granxa	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE

02/03/2012	VARELA CANEDA	MANUEL	Santaia Codeso	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
02/03/2012	VILELA FERREIRO	RAFAEL	Santa Eulalia De Vigo Nº8	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
	RENDO CASTRO	AVELINO	Pumariño Nº12	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
02/03/2012	SOBREDO FRANCISCO	JUAN M.	Lamas Nº48 Vaamonde	Teo	DESFAVORABLEMENTE
05/03/2012	CAMPUZANO ALVAREZ	JOSÉ JACOBO	Rúa Santa Teresa Nº2 1º	A Coruña	DESFAVORABLEMENTE
05/03/2012	RODRÍGUEZ ROZAS	LUIS MIGUEL	Outeiro - Lamas	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
05/03/2012	RODRÍGUEZ OTERO	Mª CARMEN	Travesía Do Porto Nº18 6ª Milladoiro	Ames	DESFAVORABLEMENTE
05/03/2012	TABOADA CANABAL	ANA ISABEL	C/ La Rosa Nº30 3º D	Santiago de Comp.	DESFAVORABLEMENTE
05/03/2012	PAREDES ANTELO	ELVIRA	C/Fomento Nº31 1º	Carballo	DESFAVORABLEMENTE
05/03/2012	CANEDA RAVIÑA	MONTSERRAT	Lamas - Burgo Nº 14	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	GRACÍA MUNIN	NURIA	Rúa Vilar Nº36 2º C	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	SANTASMARINAS LORTES	MANUEL	Rúa Vilar Nº36 2º C	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	GARCÍA GARCÍA	EVA MARÍA	Rúa Vilar Nº36 P1 1º A	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	LIÑARES PÉREZ	JUAN CARLOS	Rúa Vilar Nº36 P2 1º A	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	GONZÁLEZ LAÍÑO	ROSA MARÍA	Rúa Vilar Nº36 P2 1º B	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	NUÑEZ MARTÍNEZ	JOSE LUIS	Rúa Vilar Nº36 P2 2º D	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	VAZQUEZ CAO	MANUEL	Rúa Vilar Nº36 P2 2º A	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	CALVELO OTERO	DAVID PAULINO	Rúa Vilar Nº36 P1 1º B	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	BROCOS BALUJA	JOSE MANUEL	Rúa Vilar Nº36 P1 3º B	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	VAAMONDE OTERO	JUAN CARLOS	Rúa Vilar Nº36 P1 3º B	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	TOURAL VÁZQUEZ	CARMEN	Rúa Vilar Nº36 P1 3º B	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	SANJUAS CASAL	JOSÉ ANTONIO	Casal De Suso Nº14	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE

06/03/2012	VÁZQUEZ ROZAS	SAGRARIO	Avd. Castelao Nº1 B-7 3º B	Santiago de Comp.	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	CASTRO MERA	FLORENTINO	Rúa Da Sombra Nº3 Susana-Marrozos	Santiago de Comp.	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	SENIN MAGARIÑOS	JOSÉ	Outeiro Nº2 Lamas	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	MAGARIÑOS MARTÍNEZ	ALBINA	Outeiro Nº2 Lamas	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	GARCÍA GARRIDO	FELICIANO JOSÉ	Pousada - Camporrapado	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	BARROS CALDELAS	MARÍA DEL CARMEN	Pousada - Camporrapado	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	CASTRO LAGO	DIVINA DOLORES	Pedrido Nº 17	Santiago de Comp.	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	CASTRO LAGO	MANUEL	Pumariño - Pousada	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	MILLÁN SILVA	CRISTINA	Pardiñeiro Nº2 Pousada	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
06/03/2012	VILAS GIADÁS	JOSÉ MANUEL	Loureiro Nº6 Pousada	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
07/03/2012	MIDÓN MÍGUEZ	MANUEL	Moa - Loureda	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
07/03/2012	DEVESA CERNADAS	JAIME	Gándara	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
07/03/2012	ROSENDE COUTO	JESÚS	Burgo Nº 9 Lamas	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
07/03/2012	VIAÑO REY	JUAN MANUEL	Deseiro De Abaixo Nº4 Sergude	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
07/03/2012	GÓMEZ LAGO	SOLEDAD MARÍA	Deseiro De Abaixo - Sergude	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
07/03/2012	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	MARÍA	Deseiro De Arriba - Sergude	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
07/03/2012	ROSENDE BOTANA	FLORENTINO	Gándara	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
07/03/2012	DEVESA CERNADAS	JAIME	Gándara	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
07/03/2012	NANDE SEGADE	MANUEL	Gándara	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
07/03/2012	ROSENDE VIEITES	JOSÉ JUAN	Deseiro De Abaixo - Sergude	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
07/03/2012	VEIGA BOTANA	GERMÁN	Rúa San Roque Nº 12 - 4º	Vilagarcía de Arou.	DESFAVORABLEMENTE

07/03/2012	DEVESA PAZOS	JESÚS ANTONIO	Ramil S/N Lestedo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
07/03/2012	JUSTO GONZÁLEZ	ARTURO	San Martín N°8	Cualedro	DESFAVORABLEMENTE
07/03/2012	PAZ AIDO	LUIS	Agrolongo N°118 Caleiro	Vilanova de Arou.	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	VÁZQUEZ MERA	Mª SOLEDAD	Travesía A Estrada N°15 Bj	Santiago de Comp.	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	BARREIRO FERREIRO	RAQUEL	Ardilleiro Grande N°8 A Granxa	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	BERMUDEZ REBOREDO	ISAURA	Troitomil N°3 Lestedo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	PAZOS MUJICO	AMELIA	Rubio - Vigo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	VÁZQUEZ FACHAL	MARÍA ESTHER	Vilar - Lestedo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	LADO LÓPEZ	JOSÉ ANTONIO	Trv. Caheiras, N° 62- Portal B-1° D 15883 - Teo	Teo	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	MARTÍNEZ CARRILLO	CARLOS	Concello De Vedra	Vedra	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	TABOADA SUÁREZ	JUAN RAMÓN	Moa - Loureda	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	IGLESIAS BREA	MANUEL ALFREDO	Moa N°10 Loureda	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	MILLÁN LÓPEZ	CARMEN	Corral N°3 Pousada	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	TEJO MAREQUE	MANUEL	Deseiro De Arriba N°19 Sergude	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	TEJO MAREQUE	MANUEL	Deseiro De Arriba N°19 Sergude	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	IGLESIAS TORRES	JESUS	Melón N°4 Vigo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	MILLÁN TORRE	Mª JOSÉ	Iglesia N°31 Boqueixón	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	FERNÁNDEZ CARRILLO	JOSÉ	C/La Estrada N°25 6° D		DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	VÁZQUEZ MERA	Mª DEL PILAR	Carballiños N°26 Vilatuxe	Lalín	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	VÁZQUEZ MERA	Mª JOSEFA	Frenza N°15 Tapia	Ames	DESFAVORABLEMENTE

08/03/2012	VÁZQUEZ MERA	OBDULIA	Monte Do Seixo Nº18-20 Castiñeiriño	Santiago de Comp.	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	VÁZQUEZ MERA	Mª TERESA	Outeiro Nº5 Lamas	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	VÁZQUEZ MERA	Mª SOLEDAD	Travesía Da Estrada Nº15 Bj Castiñeiriño	Santiago de Comp.	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	VÁZQUEZ MERA	Mª CONCEPCIÓN	Quián Nº4 Sergude	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	VÁZQUEZ MERA	SONIA	Quián Nº6 Sergude	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
08/03/2012	VÁZQUEZ MERA	OBDULIA	Monte Do Seixo Nº18-20 Castiñeiriño	Santiago de Comp.	DESFAVORABLEMENTE
09/03/2012	BARROS CAJARAVILLE	MANUEL	Ramil Nº7 Lestedo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
09/03/2012	CANABAL FERNÁNDEZ	XABIER	Pazos Nº21 Lestedo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
09/03/2012	CANABAL FERNÁNDEZ	XABIER	Pazos Nº21 Lestedo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
09/03/2012	CANABAL FERNÁNDEZ	XABIER	Pazos Nº21 Lestedo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
09/03/2012	CANABAL FERNÁNDEZ	XABIER	Pazos Nº21 Lestedo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
09/03/2012	VÁZQUEZ ESTÉVEZ	CONCEPCIÓN	Plaza De Pascual Veiga Nº4 5º A	Santiago de Comp.	DESFAVORABLEMENTE
09/03/2012	PÉREZ SÁNCHEZ	JOSÉ LUIS	Pazos Nº17 Lestedo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
09/03/2012	OTERO MARTÍNEZ	ANTONIO	Pena Nº1 Loureda	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
09/03/2012	OTERO MARTÍNEZ	ANTONIO	Pena Nº1 Loureda	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
09/03/2012	GÓMEZ FONTELA	MARÍA JESÚS	Ardarís - Lestedo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
09/03/2012	MILLÁN MÍGUEZ	MANUEL	Xiadas Nº7 Gastrar	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
09/03/2012	CASAL DEVESA	Mª CONCEPCIÓN	C/Vidueiro Nº97 Os Tilos	Teo	DESFAVORABLEMENTE
09/03/2012	CHOUSA BOTAS	Mª MERCEDES	Granxola Nº5 Codeso	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
09/03/2012	BERMÚDEZ REBOREDO	JOSÉ	Vilar S/N Lestedo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
09/03/2012	BERMÚDEZ REBOREDO	JOSÉ	Vilar S/N Lestedo	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
10/03/2012	AGRELO ROCA	MARÍA ALBERTA	Avd. Quiroga Palacios Nº36 2º Izda.	Santiago de Comp.	DESFAVORABLEMENTE

10/03/2012	MOSQUERA AGRELO	MANUEL	Avd. Mahía Nº51 3º D Bertamiráns	Ames	DESFAVORABLEMENTE
10/03/2012	QUINTEIRO CORTES	OVIDIO FERNANDO	Avd. Constitución Nº69 4º A	Boiro	DESFAVORABLEMENTE
10/03/2012	FERNÁNDEZ BALADO	MIGUEL ÁNGEL	Deseiro De Arriba Nº 31 Sergude	Boqueixón	DESFAVORABLEMENTE
13/03/2012	CAMPELO SENDE	JOSÉ	Francés Nº7 S. Pedro De Vilanova	Vedra	DESFAVORABLEMENTE
14/03/2012	OTERO SUÁREZ	PILAR	Rúa Galicia Nº 10 1º A	Riveira	DESFAVORABLEMENTE
10/01/2012	MAREQUE FERREIRO	JORGE	Lg. Castenda, S/N - Vigo	Boqueixón	PARCIALMENTE FAVORABLE
12/01/2012	CARDAMA PAZOS	MANUEL	Lg. De Piñeiro De Arriba, 5 - Boqueixón	Boqueixón	PARCIALMENTE FAVORABLE
16/01/2012	IGLESIAS RODRÍGUEZ	JESÚS	Lg. Ardilleiro Grande, 18 - A Granxa	Boqueixón	PARCIALMENTE FAVORABLE
01/02/2012	CARRO MOSQUERA	JUAN JESUS	Quian Nº1 Serguse	Boqueixón	PARCIALMENTE FAVORABLE
20/02/2012	CASAL FONTENLA	FLORENCIO	Arddesende Codeso	Boqueixón	PARCIALMENTE FAVORABLE
25/01/2012	MARTÍN HIERRO	MARÍA SOCORRO	Consellería De Facenda	Santiago de Comp.	PARCIALMENTE FAVORABLE
29/02/2012	DÍAZ NOVOA	CARMEN	Puente La Reina Nº22 2ºd	Santiago de Comp.	PARCIALMENTE FAVORABLE
01/03/2012	GRANJA RAVIÑA	ENRIQUE	Ardilleiro Pequeno Nº4 A Granxa	Boqueixón	PARCIALMENTE FAVORABLE
05/03/2012	RAVIÑA RUBIO	JOSÉ MANUEL	Pumares Nº22 Sergude	Boqueixón	PARCIALMENTE FAVORABLE
06/03/2012	SENIN RAVIÑA	JOSÉ	Outeiro Nº2 Lamas	Boqueixón	PARCIALMENTE FAVORABLE
07/03/2012	TORRES TEJO	LINO-FELIX	Gándara Nº8 San Fins De Sales	Vedra	PARCIALMENTE FAVORABLE
07/03/2012	ROSENDE COUTO	JESÚS	Burgo Nº 1 Lamas	Boqueixón	PARCIALMENTE FAVORABLE
08/03/2012	SUÁREZ BUJÁN	MARÍA	Figueiras - Moas De Arriba Nº38	Santiago de Comp.	PARCIALMENTE FAVORABLE
08/03/2012	VERALA CEPEDA	ANA MARÍA	C/Ponderrada Nº6 2º B	Santiago de Comp.	PARCIALMENTE FAVORABLE
08/03/2012	VERALA CEPEDA	ANA MARÍA	C/Ponderrada Nº6 2º B	Santiago de Comp.	PARCIALMENTE FAVORABLE

08/03/2012	MILLÁN LÓPEZ	CARMEN	Corral Nº3 Pousada	Boqueixón	PARCIALMENTE FAVORABLE
08/03/2012	MILLÁN TORRE	Mª JOSÉ	Iglesia Nº31 Boqueixón	Boqueixón	PARCIALMENTE FAVORABLE
08/03/2012	FRANQUEIRO SANTOS	JENARO	Ardesende Nº19 Codeso	Boqueixón	PARCIALMENTE FAVORABLE
09/03/2012	CARBAJALES CARBAJALES	SALVADOR	Vilar Nº 41 Lestedo	Boqueixón	PARCIALMENTE FAVORABLE
10/03/2012	REGOS FERREIRO	AGUSTÍN	Caneda - Loureda	Boqueixón	PARCIALMENTE FAVORABLE
10/03/2012	CANABAL VÁZQUEZ	JOSE MANUEL	Vilar Nº63 Lestedo	Boqueixón	PARCIALMENTE FAVORABLE
12/03/2012	FERNÁNDEZ PELLICER	MANUEL	Avda De Arteixo, Nº 171	A Coruña	PARCIALMENTE FAVORABLE
13/03/2012	BREY ÁLVAREZ	ALVARO	C/General Vara Del Rey Nº62 Bj	Logroño	PARCIALMENTE FAVORABLE
20/03/2012	GÓMEZ REY	LUIS	Rexenxo Nº56	Mos	PARCIALMENTE FAVORABLE
11/01/2012	RENDO SOUTULLO	CONCEPCIÓN	Lg. De Lubián, 19 - Oural	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
12/01/2012	GARCÍA GARRIDO	CARMEN	Lg. Castro, 35 - Ponte Ulla	Vedra	FAVORABLEMENTE
12/01/2012	GONZÁLEZ FONTAO	JOSE MANUEL	Lg. De Vila, 6 - Ledesma	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
13/01/2012	IGLESIAS GÓMEZ	JOSE MANUEL	Lg. De Rubial - Lestedo	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
13/01/2012	LEIS CEREIJO	RAMÓN	Lg. Castro, 9 - Oural	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
16/01/2012	MIGUELEZ LAGO	ROBERTO	Lg. Corna, 9 - Pousada	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
16/01/2012	MIGUELEZ LAGO	ROBERTO	Lg. Corna, 9 - Pousada	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
16/01/2012	BLANCO LEIS	ROBERTO	Lg. De Camporrapado, 36 - Oural	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
17/01/2012	SUÁREZ RUBIAL	CARMEN	Lg. De Senande, S/N - Lamas	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
17/01/2012	CASAL CASAL	MARÍA DEL CARMEN	R/Da Estrada - Edif. Lamas, Nº 24-4º A	Santiago de Comp.	FAVORABLEMENTE
18/01/2012	FERREIRO GRANJA	OFELIA MARIA	Milleiros	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
18/01/2012	FERREIRO	OFELIA	Milleiros	Boqueixón	FAVORABLEMENTE

	GRANJA	MARIA			
20/01/2012	LIÑARES RICO	EMILIO	Loureiro, Pousada, Nº 7	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
23/03/2012	RENDO GARCÍA	JOSÉ ALFONSO	Camporrapado, Nº 28	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
24/01/2012	NEIRA GUZMAN	RAUL	Casal Nº 1 Oural	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
25/01/2012	ESPASANDÍN LANDEIRA	RAMIRO	C/ Villar Nº 45	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
25/01/2012	TROITIÑO LORENZO	MANUEL	Ramil Nº21 Lestedo	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
26/01/2012	ABELLEIRA FREIRÍA	ALBERTO	Ramil Nº17 Lestedo	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
30/01/2012	MATA QUIAN	JESÚS MANUEL	Cusanca Nº4 Lestedo	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
30/01/2012	VIGO BOO	MARÍA DE LOS ANGELES	C/Manuel Texo Nº31 2ª Sta.Cruz Ribadulla	Vedra	FAVORABLEMENTE
01/02/2012	VILAS NEIRA	JOSÉ	Camporrapado	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
03/02/2012	CASAL RUBIO	MARÍA	Senande Nº5 Lamas	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
06/02/2012	RAVIÑA RODRÍGUEZ	MANUEL	Carabán Nº7 Sta Eulalia De Vigo	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
08/02/2012	COUTO RENDO	MARÍA	Camporrapado Nº 38	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
10/02/2012	COUTO FANDIÑO	CARLOS	C/Iglesia S/N	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
13/02/2012	SILVA SUÁREZ	MANUEL	Castro Oural	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
20/02/2012	VÁZQUEZ REBOREDO	SANTIAGO	San Amaro Rebordaos	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
20/02/2012	MIDÓN TORRES	CARMEN	Vilaboa Nº8 Gastrar	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
23/02/2012	SÁNCHEZ ROMAY	OFELIA	C/ Quiroga Palacios Nº13 3ºizq	Santiago de Comp.	FAVORABLEMENTE
23/02/2012	GARCÍA MAREQUE	BORJA	A Iglesia Nº3 Sergude	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
24/02/2012	MATA BOO	MIGUEL	Cusanca Nº4 Lestedo	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
24/02/2012	MATA QUIAN	JESÚS MANUEL	Cusanca Nº4 Lestedo	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
01/03/2012	PEREZ PEREZ	JESÚS H.	Ardilleiro Grande	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
01/03/2012	VÁZQUEZ MERA	MARÍA TERESA	Santa María De Lamas Outeiro	Boqueixón	FAVORABLEMENTE



01/03/2012	FREIRÍA BREY	Mª DEL CARMEN	Vilar Nº 48 Lestedo	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
25/01/2012	CASTRO GONZÁLEZ	MARÍA DEL PILAR	Rodiño Pequeno Nº3 - Sergude	Boqueixón	FAVORABLEMENTE
27/01/2012	DEVESA MATOS	JAVIER	C/Concepción Arenal Nº8 2ºd	Santiago de Comp.	FAVORABLEMENTE
30/01/2012	GIADÁNS SANTOS	MARTÍN	Devesa 48 A Aríns	Santiago de Comp.	FAVORABLEMENTE
30/01/2012	MILLÁN CASAL	JESÚS	Avd. Lugo 123 3ºizq	Santiago de Comp.	FAVORABLEMENTE
